

001195 05.02.2014 08:45

INSTRUCCIÓN II/2014 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS QUE TEN A CATEGORÍA DE CONDUTOR E PARA O PERSOAL DE ACTOS OFICIAIS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos/as traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade, e unha vez negociado co Comité Intercentros, a xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 1 de agosto de 2011 (DOG do día 18 de agosto), dispón:

1. SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

O impreso de solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2014, cubrirase e presentárase persoalmente no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6, Santiago de Compostela) e na Vicexerencia do Campus de Lugo (Servizos Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os traballadores con dereito ao vestiario que se relaciona no anexo a esta instrución son os que prestan servizos en actos oficiais e os que teñen a categoría de condutor.

2. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 21 de abril ata o 22 de xullo do ano 2014 en horario de 9 a 14.

3. PROCEDEMENTO

3. 1. Ao/Á traballador/a entregáraselle un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia do Campus de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3. 2. Os/As traballadores/as deberán acudir co resgardo á empresa **Hnos. Cierito Gestal S.C., Fte. De San Antonio, nº 6. 15702 - Santiago de Compostela**, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado.

3. 3. O/A traballador/a entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

4. OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.


5. FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2014

A xerente



María Lourdes Batán Aira

ANEXO A INSTRUCCIÓN DE ROUPA DE TRABALLO

| ROUPA TRABALLO 2014 CONDUTORES E PERSOAL DE ACTOS OFICIAIS | | |
|---|-----------------------|--------------------------|
| CATEGORÍA | Nº prendas | ROUPA DE TRABALLO |

Ás persoas xubiladas parcialmente de forma anticipada daráselles a roupa de traballo cada 3 anos

| | | |
|-------------------|---|---------------------|
| Condutores | 1 | funda |
| | 1 | gabardina ou abrigo |
| | 2 | traxes |
| | 4 | camisas |
| | 2 | gravatas |
| | 2 | pares de carpíns |
| | 2 | pares de zapatos |

| | | |
|---|---|---------|
| Persoal actos oficiais (Cada 2 anos) | 1 | traxe |
| | 2 | camisas |
| | 1 | gravata |